

HISTORIA DE ESPAÑA

O exame consta de 4 preguntas de 5 puntos, das que poderá responder un **MÁXIMO DE 2**, combinadas como queira. Se responde máis preguntas das permitidas, **só se corruxirán as 2 primeiras respondidas**.

PREGUNTA 1. RESPONDA OS DOUS APARTADOS SEGUINTE:

1.1. Defina brevemente catro dos oito termos: (0,5 puntos por definición)

1. Aula Regia, 2. Taifas, 3. Valido, 4. Catastro de Ensenada,
5. Unión Liberal, 6. Caciquismo, 7. Semana Tráxica, 8. Nacional-catolicismo.

1.2. Desenvolva un dos catro temas:

1.2.1. O Neolítico: características e cambios con respecto á época Paleolítica. (3 puntos)

1.2.2. A monarquía visigoda. (3 puntos)

1.2.3. Reconquista e repoboación. (3 puntos)

1.2.4. Economía e sociedade na Galicia dos Austrias. (3 puntos)

PREGUNTA 2. ELABORE UNHA COMPOSICIÓN HISTÓRICA A PARTIR DOS TEXTOS PROPOSTOS.

Os seguintes textos deben permitirle facer unha redacción sobre a crise da monarquía absoluta. Tendo en conta os documentos e o seu contexto, debe atender cando menos ás causas do motín de Aranjuez e ás abdicacións de Baiona, así como ás repercusións da ocupación napoleónica. (5 puntos)

Doc. 1. Carta na que Carlos IV solicita a axuda de Napoleón, 23 de marzo de 1808:

“Señor meu irmán: V. M. saberá sen dúbida con pena os sucesos de Aranjuez e as súas resultas; e non verá con indiferenza a un rei, que forzado a renunciar a coroa, acode a poñerse nos brazos dun gran monarca aliado seu, subordinándose totalmente á disposición do único que pode darlle a súa felicidade, a de toda a súa familia e a dos seus fieis vasallos. Eu non renunciei en favor do meu fillo senón pola forza das circunstancias [...]; pero asegurado agora con plena confianza na magnanimidade e o xenio do gran home que sempre mostrou ser amigo meu, eu tomei a resolución de conformarme con todo o que este mesmo grande home queira dispoñer de nós e da miña sorte, a da raíña e a do Príncipe da Paz”.

Doc. 2. Proclama da Xunta Xeral do Principado de Asturias, maio de 1808:

“Asturianos leais e amados compatriotas: os vosos primeiros votos xa están cumpridos. O Principado, en desempeño daqueles deberes que máis interesan ao home, xa declarou formalmente a guerra a Francia [...]. A súa perfidia co noso rei e toda a súa familia, enganándoos para facelos pasar a Francia baixo palabra dun eterno armisticio para encadealos a todos, non ten igual na historia [...]. Poñamos por intercesora á nosa Señora das Batallas, cuxa imaxe se venera no antiquísimo templo de Covadonga, e seguro de que non pode abandonarnos en causa tan xusta, corramos a aniquilar e botar da nosa Península nación tan pérfida e tan execrable”.

Doc. 3. Napoleón cede a coroa española ao seu irmán, 6 de xuño de 1808:

“Napoleón pola graza de Deus Emperador dos franceses [...] a todos os que o presente viren, saúde. Facéndonos saber a Xunta de Estado, o Consello de Castela, a Vila de Madrid etc., por representacións, que o ben de España esixía que se puxese un pronto termo ao interregno, resolvemos proclamar rei das Españas e das Indias ao noso moi amado irmán José Napoleón, actual rei de Nápoles e Sicilia”.

PREGUNTA 3. ELABORE UNHA COMPOSICIÓN HISTÓRICA A PARTIR DOS TEXTOS PROPOSTOS.

Os seguintes textos deben permitirle facer unha redacción sobre a cuestión nacional no último terzo do século XIX. Tendo en conta os documentos e o seu contexto, debe atender cando menos ás características dos rexionalismos e nacionalismos periféricos no período considerado, ás súas orixes e aos líderes principais. (5 puntos)